

Canta enerxía consumimos?

Nos últimos anos a noticia sobre a enerxía estivo presente a diario: se os combustibles fósiles estanse esgotando, que se as novas fontes de enerxía substituirán as tradicionais...

No seguinte traballo deberás buscar información sobre o tema de enerxía.

Os puntos que debes tratar obrigatoriamente no traballo son:

- a) Busca as principais fontes de enerxía e clasifícaaas segundo a súa capacidade de renovación
- b) Busca información sobre a distribución no orixe da enerxía de España e algúns países do noso redor (Francia, Alemaña...)
- c) Busca información sobre o consumo de enerxía en España comparándoa con outros países
- d) En España hai carbón? Busca información sobre as principais minas de carbón
- e) A maior parte do carbón é para queimalo nas centrais térmicas. Cantas centrais hai en España? Cada vez hai máis ou menos?
- f) Como funciona unha central térmica?
- g) En España hai petróleo? Busca información sobre os principais xacementos de España e do mundo
- h) A enerxía solar é unha alternativa ao carbón e o petróleo. Que tipos de enerxía solar existen?
- i) Canto custa un panel solar? Cantos precisamos para proveer de enerxía unha vivenda de 100 m².
- j) A enerxía eólica é outra alternativa. Como funciona un aerogenerador? Que desvantaxes ten este tipo de enerxía?
- k) Outra das alternativas é a enerxía hidroeléctrica. Cantas centrais existen en Galicia? Que problemas carrega?
- l) Busca outras fontes de enerxía renovables.
- m) Cal é a túa pegada ecolóxica? Busca páxinas onde podas medir a túa pegada

<http://www.tuhuellaecologica.org/>

- n) Pon catro cuestións sobre o teu traballo para facer aos teus compañeiros e compañeiras trala túa exposición.

Normas do traballo

- Debedes facer unha presentación tratando todos os puntos sinalados anteriormente para a cal teredes 4 sesións .
- Debedes procurar ser rigorosos no tema a tratar procurando buscar fontes fiables de información.
- As presentacións deberían ser atractivas para a posible audiencia, procurando incluír pouco texto.

Traballo tema enerxía

Traballo tema enerxía	EXCELENTE	BIEN	REGULAR	DEFICIENTE
Introdución	Explicación con claridade de que trata o ensaio, especificando ás partes que o compoñen e unha pequena descrición de cada unha delas	Explicación de que trata o ensaio, especificando ás partes que o compoñen	Presenta unha introdución, pero non se refire concretamente ao ensaio, é dicir, ao que e ao come	Mal elaborado. Non é clara nin especifica o propósito do ensaio
Contido	Presenta amplamente todos os puntos principais no tema seleccionado	Falta algún dos puntos principais do tema seleccionado	Presente entre 50% é 75% dos puntos principais do tema seleccionado	Presente menos do 50% dos puntos principais do tema seleccionado
Organización	Os conceptos están organizados de xeito que hai conexión lóxica entre eles	O 20% dos conceptos non están conectados co resto	O 50% dos conceptos presentados non están conectados co resto	Só é unha lista de conceptos
Presentación	Presenta apoios gráficos	Aproveita recursos do procesador máis alá de simples parágrafos	Só presenta parágrafos	Presentación moi descoidada
Análise	Nótase unha análise persoal do que está describindo	Obsérvanse opinións propias pero tamén cousas directas das fontes bibliográficas	É un bo resume das fontes bibliográficas	Hai polo menos un parágrafo que é "copypaste" ou iguala ao dun compañeiro
Conclusións	Inclúe opinións persoais combinadas con argumentos bibliográficos	Só inclúe opinións persoais	Só inclúe un resume do resto do ensaio	É demasiado corta(mentor de tres liñas)

Exposición oral	So utiliza imaxes/ guión como apoio. Domina perfectamente o tema exposto	Algunhas veces necesita consultar o guión e/ou non domina completamente o tema exposto	Apenas domina o tema exposto/necesita continuamente consultar a notas	So lee o guión/ presentación
------------------------	--	--	--	---------------------------------